

CIRCULAR Nº 01

Tempada 10-11

Destino: Delegacións Zonais, Clubs.

Asunto: Inscripcións dos equipos participantes nas competicións de ámbito autonómico sénior.

Ponse en coñecemento das Delegacións Zonais e de todo os clubs interesados que o prazo de inscrición dos equipos nas competicións de ámbito autonómico finaliza o vindeiro día **30 de Xullo 2010 ás 13.00 hrs.** Todos os equipos que desexen formalizar a súa deberán remitir a esta Federación, a seguinte DOCUMENTACIÓN:

- **FOLLA DE INSCRICIÓN**
 - **FICHA AUTONÓMICA DO CLUB**
 - **DEPOSITO INICIAL OU AVAL BANCARIO**, xustificante do ingreso bancario a nome da FGB por importe da cantidade que en cada caso corresponda, ou aval bancario segundo modelo axunto.
 - **COTA DE AFILIACIÓN**, xustificante do ingreso da transferencia bancaria a nome da FGB, polo importe da cantidade que en cada caso corresponda.
 - **ESTATUTOS DO CLUB**, se é a primeira vez que participa.
- **Ingresos Nº Conta 2091-0392-90-3040002932 de Caixa Galicia.**

A data do 30 de xullo ás 13.00 hrs. é improrrogable para presentar esta documentación, polo que chegado o momento, aquel equipo que non remitira a documentación indicada considerárase como retirado, orixinándose unha vacante que será cuberta.

As cantidades en concepto de COTA DE AFILIACIÓN E DEPÓSITOS INICIAIS OU AVAIS BANCARIOS que deberán presentarse segundo a categoría son as seguintes:

	<u>C.Afiliación</u>	<u>Depósito/Aval</u>	<u>Data</u>
Cto. 1ª Div. Masculina	260,00 €	2.900,00 €	30.07.10
Liga FGB Sénior Masc.	200,00 €	900,00 €	30.07.10
Liga FGB Sénior Fem.	225,00 €	625,00 €	30.07.10

A Comisión Delegada da Federación Galega na súa reunión decidirá en base as solicitudes de inscrición, os equipos que participarán nas categorías 1ª División Masculina, Liga FGB Sénior Masculina e Liga FGB Sénior Feminina .

Os modelos de impresos para súa utilización por parte dos equipos para inscribirse nas Competicións Autonómicas durante a tempada 2010-11, poderanse baixar da páxina web da FGB (www.fegaba.com).

A Federación Galega de Baloncesto solicita das Delegacións Zonais que se lle dea a maior difusión posible ao contido da presente circular, e non soamente entre aqueles equipos que en primeira instancia, teñen dereito a inscrición nas competicións de ámbito autonómico, senón tamén entre aqueles que puideran estar interesados en optar por algunha das prazas vacantes que se lle puideran dar.

Por outra banda, tamén pedimos a todo os clubs interesados preparen toda a documentación necesaria e a remitan a través das respectivas Delegacións dentro dos prazos establecidos e seguindo o que se indica na presente circular co fin de evitar prexuízos irreparables que seríamos os primeiros en lamentar e dos que a Federación Galega de Baloncesto non se fará responsable.

Santiago, 1 xullo 2010

Asdo. Miguel Blanco Requeijo
Secretario Xeral